

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Secretaría Xeral

Anuncio publicación definitiva Regulamento orgánico e de funcionamento do Concello de Oleiros

A N U N C I O

O pleno municipal, na súa sesión celebrada o día 28 de Xullo de 2011, acordou a aprobación inicial do “REGULAMENTO ORGÁNICO E DE FUNCIONAMENTO DO CONCELLO DE OLEIROS”. De conformidade co establecido no artigo 65.2 en relación co 70.2, ámbolos dous da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o expediente de referencia quedou sometido a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de 30 días contados a partir do seguinte da súa publicación (BOP 149 de 5-08-2011) para a presentación de alegacións. Transcorrido o antedito prazo e presentadas alegacións que foron resoltas polo Concello Pleno na sesión do día 2 de Novembro de 2011, na cal foi definitivamente aprobado o texto definitivo, se procede a publicación íntegra do “REGULAMENTO ORGÁNICO E DE FUNCIONAMENTO DO CONCELLO DE OLEIROS” para a súa entrada en vigor:

“REGULAMENTO ORGÁNICO E DE FUNCIONAMENTO DO CONCELLO DE OLEIROS

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1.

O Concello de Oleiros, no exercicio da potestade regulamentaria e de auto-organización que recoñece o artigo 4.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e con suxeición á mesma, promóvese polo presente Regulamento a súa organización interna e funcionamento.

Artigo 2.

As normas que contén adaptan o disposto no Real Decreto 2568/86, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, en diante ROF, ás peculiaridades do funcionamento do Concello e, no seu caso, completa o non previsto na disposición citada.

En consecuencia, no non previsto nesta normativa, é de aplicación o R.D. 2.568/86. Nembargantes no caso de contradición, ten preferencia o establecido neste Regulamento Orgánico Municipal.

TÍTULO I. DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

Artigo 3.

1. Os concelleiros, para os efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos, que se corresponderán cos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que obtiveran postos na Corporación.

2. Ten carácter de Grupo político municipal a asociación de Concelleiros para:

- O exercicio de funcións de mediación en relación co electorado e os órganos de goberno municipal.
- Apoio para o desempeño de dereitos e deberes dos Concelleiros.
- Cauce de formación e defensa de opinión común en asuntos municipais.

3. As funcións e atribucións dos grupos políticos entenderase sen prexuízo das que a lexislación de réxime local atribúa ós órganos municipais e ós membros da Corporación.

Artigo 4.

1. Cada partido político, federación, coalición ou agrupación constituirá un único grupo. Ninguén pode pertencer simultaneamente a máis dun grupo.

2. Para constituir grupo político municipal requiriranse un mínimo de dous concelleiros/as.

O grupo mixto estará constituído polos/as concelleiros/as que, tendo sido elixidos por unha determinada lista electoral, non tivesen acadado o número de concelleiros suficientes para constituir grupo municipal propio. En consecuencia, os grupos políticos municipais constitúense en función da lista electoral pola que foron elixidos.

3. En ningún caso poderán constituírse en grupo municipal separado os/as concelleiros/as que pertencen a unha mesma lista electoral.

4. Durante o mandato da Corporación ningún membro da mesma poderá integrarse nun grupo distinto daquel no que o fixera inicialmente.

5. A baixa nun grupo municipal dun concelleiro/a determinará a súa consideración como concelleiro/a non adscrito/a. A efectividade do abandono do grupo municipal ó que pertencía será dende a data de presentación do escrito no Rexistro Xeral do Concello.

6. Os/as concelleiros/as que non pertencen a ningún grupo político municipal terán a consideración de concelleiros/as non adscritos/as.

7. A consideración dun concelleiro/a como non adscrito/a non menoscabará, en ningún caso, os dereitos e obrigas que en canto a participación na organización municipal corresponde a todo concelleiro de acordo co artigo 20 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local. Singularmente, terán o dereito de asistir ás Comisións informativas convocadas de acordo co previsto neste regulamento, e terán nas mesmas dereito de voto.

8. Os membros da Corporación que adquiran a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva da mesma deberán incorporarse ó grupo correspondente á lista na que foran elixidos, ou, no seu caso, ó grupo mixto.

Artigo 5.

1. Os grupos políticos municipais constituíranse mediante escrito dirixido ó presidente e subscrito por tódolos integrantes, que se presentará no Rexistro Xeral do Concello dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación.

2. Poderá outorgarse por parte da Alcaldía-Presidencia unha prórroga de tres días hábiles para tal efecto. Transcurrido ese novo prazo, de non constituírse en grupo, os concelleiros pasarán ao grupo mixto.

3. Da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e dos portavoces o presidente dará conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

Artigo 6.

1. No mesmo escrito de constitución farase constar a designación de Voceiro do Grupo, podéndose designar un suplente. O Voceiro de cada Grupo será o encargado de intervir normalmente na deliberación dos asuntos. Nembargantes poderase matizar que por razóns das materias, se delegue a exposición dos asuntos, votos particulares, etc., a favor doutros membros do Grupo.

2. As modificacións respecto ós voceiros ou suplentes serán efectivas desde a presentación do escrito por Rexistro Xeral. En consecuencia na vindeira sesión plenaria que se celebre a continuación fixarase a toma de coñecemento como punto da Orde do Día, logo da aprobación do acta si a houbera.

3. O Grupo Mixto poderá establecer un turno rotativo para o desempeño da función do Voceiro.

Artigo 7.

Na medida das posibilidades funcionais da organización administrativa do Concello, poñerase a disposición dos grupos políticos municipais unha infraestrutura mínima de medios personais e materiais, na Casa do Concello ou inmoble próximo pertencente ao Concello, infraestrutura que poderá ser común para todos os grupos políticos.

Previa solicitude á Alcaldía, os grupos políticos municipais terán dereito ao uso dos locais municipais destinados a xuntanzas, sempre que estean dispoñibles.

Os mesmos dereitos asisten ao grupo mixto, independentemente de cantos concelleiros/as o conformen, debendo os seus membros compartir os medios á súa disposición.

TÍTULO II. DOS REXISTROS DE INTERESES

Artigo 8.

Os membros da Corporación antes de tomar posesión como Concelleiros, e como requisito imprescindible, presentarán ante o Secretario do Concello:

-Declaración sobre causa de posibles incompatibilidades e sobre calquera actividade que lles proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos.

-Declaración de bens patrimoniais e de participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre da Renda, Patrimonio e no seu caso, Sociedades.

Deberá tamén formular as declaracións con ocasión do seu cese e cando se modifiquen as circunstancias de feito.

Artigo 9.

As declaracións anuais de bens e de actividades serán publicadas con carácter anual, e en todo caso no momento de finalización do mandato.

Teñen carácter público os Rexistros de Intereses de posibles incompatibilidades e actividades económicas, e de bens e dereitos patrimoniais. As distintas declaracións inscribíranse nos seguintes Rexistros de intereses:

a) a declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, inscribírase no Rexistro de Actividades.

b) a declaración sobre bens e dereitos patrimoniais inscribírase no Rexistro de Bens Patrimoniais.

Artigo 10.

Corresponde ó Secretario da Corporación a custodia e dirección dos Rexistros de Intereses, no que figurarán ámbalas dúas declaracións.

Non se poderá tomar posesión como Concelleiro, sen ter presentado a declaración sobre causas de incompatibilidade e sobre actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos e a declaración de bens patrimoniais e de participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre da Renda, Patrimonio e no seu caso, Sociedades.

O Concelleiro deberá presentar as declaracións no prazo de dez días ao cese do seu mandato. De non presentalo, requiriráselle ao efecto, outorgándolle un novo prazo de 10 días, e de seguir co incumprimento, procederase a dar publicidade deste feito na sesión plenaria e no Boletín Oficial da Provincia (BOP). A mesma norma aplicarase nos supostos de negativa a actualizar as declaracións presentadas.

Artigo 11.

Calquera persoa que desexa coñecer os datos contidos na declaración sobre causas de incompatibilidade e sobre actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, os os contidos na declaración sobre bens ou dereitos patrimoniais deberá solicitarllo ó Secretario da Corporación, quen no prazo de tres días, deberá poñelo a disposición do solicitante, na propia Secretaría Municipal en horario laboral. Non se expedirán fotocopias, pero si certificacións dos extremos que se soliciten. Excluíranse, tendo en conta a Lei 13/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos personais como: DNI, enderezos, números de teléfono, números de contas bancarias, matrículas de automóviles e calquera outro que corresponda en aplicación da citada normativa.

Artigo 12.

Corresponde ó Pleno da Corporación aprobar os modelos de ámbalas dúas declaracións. No non previsto neste Título, aplicarase supletoriamente a Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, e o R.D. 432/2009 de 27 de marzo, que desenvolve a citada lei.

TÍTULO III. DO GOBERNO MUNICIPAL

Cap. I: Do Alcalde.

Artigo 13.

O Alcalde é o Presidente da Corporación Municipal e correspóndelle as atribucións que lle asigna a lexislación vixente en materia de Réxime Local, entre os que se engaden todas aquelas que se atribúen ó municipio pola lexislación e non estean expresamente asignados a outros órganos municipais.

Corresponde ó Alcalde, a Presidencia de tódolos órganos municipais. A excepción dos do Pleno e da Comisión de Goberno, poderá delega-la presidencia dos demais órganos municipais.

Artigo 14.

O Alcalde nos términos previstos na Lei 7/85 poderá delegar nos Concelleiros o exercicio das súas atribucións. A delegación será efectiva desde o momento da notificación persoal ó Concelleiro delegado. Os documentos que deben asinalos Concelleiros delegados no exercicio da delegación deixarán constancia da data e número de Decreto no que se produce a mesma.

As Resolucións dos Concelleiros delegados inscribírase no Libro de Resolucións.

O Alcalde dará conta á Corporación en cada sesión ordinaria do Pleno, das Resolucións que adoptase desde a última sesión plenaria ordinaria, para que os Concelleiros coñezan o desenvolto das actuacións municipais, a efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno, previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/85 de 2 de Abril.

No caso de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda sen expresa delegación, o xeito previsto no artigo 47 do ROF. A delegación surtirá efectos desde a data que dispoña o propio Decreto e darase conta ós membros da Corporación, a través da comunicación escrita ó Voceiro de cada grupo político e, no seu caso, ós Concelleiros non adscritos. Darase publicidade do Decreto a través do Taboleiro de Anuncios e da Emisora Municipal.

Nembargantes o disposto no parágrafo anterior, cando o Alcalde se ausente do Término Municipal por máis de vinte e catro horas, sen terse confirmada a delegación, ou cando por causa imprevista lle houbera resultado imposible outorgala, substituiríao nas súas funcións o Tenente de Alcalde a quen corresponda, dando conta ó resto da Corporación a través de comunicación escrita ós Voceiros dos Grupos Políticos e ós Concelleiros non adscritos. Darase publicidade da Resolución a través do Taboleiro de Anuncios e da Emisora Municipal.

Capítulo II.-Funcionamento do pleno.

Artigo 15.

O Pleno celebrará sesión ordinaria coa periodicidade preestablecida polo propio Pleno.

A periodicidade será fixada por acordo do propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria, que haberá convocar o alcalde ou presidente dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación, e deberá respectar a periodicidade mínima dun pleno ao mes a que se refire o artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Unicamente a convocatoria das sesións extraordinarias urxentes serán motivadas.

Artigo 16.

A orde do día das sesións será fixada pola Alcaldía-Presidencia, que poderá solicitar a asistencia dos/as concelleiros/as delegados/as e consultar á xunta de voceiros.

Na orde do día só poden incluírse os asuntos que fosen previamente dictaminados, informados ou sometidos á consulta da comisión informativa que corresponda. Así mesmo, a orde do día poderá conter asuntos de contido puramente político, como as declaracións institucionais e outras que poidan condiderar o alcalde ou a Xunta de Voceiros. Esta norma non é de aplicación no suposto de plenos extraordinarios urxentes e mocións presentadas fóra da orde do día.

Artigo 17.

O Pleno celebrará sesión extraordinaria cando así o decida o/a presidente/a ou o solicite a cuarta parte, alomenos, do número legal de membros da Corporación (mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello), sen que ningún/ha concelleiro/a poida solicitar máis de tres ao ano. Neste último caso, a convocatoria da sesión extraordinaria deberá efectuarse dentro dos catro días seguintes á petición e non poderá demorarse a súa delebración por mais de quince días hábiles dende que o escrito tivese entrada polo Rexistro Xeral, non podendo incorporarse o asunto á orde do día do Pleno ordinario ou doutro extraordinario con máis asuntos, se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria.

Se o/a presidente/a non convocase o Pleno extraordinario solicitado polo número de concelleiros/as indicado dentro do prazo sinalado, quedará automaticamente convocado para o décimo día hábil seguinte ao de finalización do dito prazo, ás doce horas, o que será notificado polo/a secretario/a da Corporación a tódolos membros desta ao día seguinte ao de finalización do prazo citado anteriormente. En ausencia do/a presidente/a ou de quen legalmente debe substituílo, o Pleno quedará validamente constituído coa asistencia dun tercio do número legal de membros deste, quórum que deberá manter-se durante toda a sesión, en tal caso será presidido polo membro da Corporación de maior idade entre os presentes.

Artigo 18.

Coa convocatoria das sesións das Comisións Informativas e do Pleno xuntarase a orde do día dos asuntos a tratar coa suficiente descrición, debendo estar, no momento da convocatoria, a disposición dos membros da Corporación toda a documentación dos asuntos que deba servir de base para a o debate e no seu caso votación. A posta a disposición da documentación realizarase dende o mesmo día da convocatoria na Secretaría da mesma. A notificación da convocatoria das sesións das Comisións Informativas e do Pleno poderá realizarse por medios telemáticos que deixen acreditada a súa práctica, de xeito que sexa mais rápida. Para este fin, todos os concelleiros da Corporación deberán facilitar un enderezo electrónico na Secretaría Xeral.

Artigo 19.

As sesións plenarias, calquera que sexa o tipo de sesión, rematarán o mesmo día en que se celebren, podéndose prolongar con carácter excepcional a criterio da Alcaldía-Presidencia. Respetarase o principio de unidade de acto.

Artigo 20.

As convocatorias das sesións plenarias e sesións informativas poderán recibirse (e en consecuencia entenderanse efectivamente notificadas) polo personal disposto no seu caso polo Concello a disposición dos grupos políticos municipais, ben persoalmente ben de xeito telemático. Para que este persoal poida recibir as convocatorias debe ser expresamente autorizado, e así se comunicará por escrito ao Secretario Xeral do Concello, a través do Rexistro Xeral do Concello. No suposto de concelleiros/as non adscritos/as, notificaráselles no seu domicilio, sen prexuízo de que deban facilitar un medio para a notificación telemática, utilizándose este medio con carácter preferente.

Artigo 21.

Para o exame dos expedientes a documentación poñerase a disposición dos/as concelleiros/as no salón de xuntas da Casa do Concello desde a convocatoria das Comisións Informativas ata a súa celebración, e desde a convocatoria do Pleno ata a súa celebración, no horario seguinte: desde as 8.00 ata as 15.00 horas, de luns a venres, e de 9.15 a 13.00 horas os sábados. Este horario axustarase ao dos funcionarios da Corporación durante os meses que dispoñan de xornada reducida na época de verán.

Artigo 22.

Nas sesións ordinarias, concluído o exame dos asuntos engadidos na orde do día, antes de pasar ao turno de “Rogos e preguntas”, o Presidente preguntará si algún Grupo municipal desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto “Rogos e preguntas”. As mocións deberán referirse a asuntos de competencia plenaria, entendendo por tales os establecidos no artigo 22 da Lei 7/85, de 2 de abril e 50 do ROF.

Artigo 23.

A consideración de cada punto engadido na orde do día, iniciarase mediante a exposición do asunto pola Alcaldía-Presidencia, quen poderá delegalo no voceiro do grupo político municipal gobernante, ou concelleiro/a delegado/a, ou solicitar do/a secretario/a que proceda sen máis a ler a proposta tratada na comisión informativa. No suposto de propostas e mocións presentadas por grupos políticos, a exposición realizarase polo voceiro do grupo proponente ou polo/a concelleiro/a en quen este delegue. Se ninguén solicitase a palabra trala exposición, o asunto someterase á votación.

Artigo 24.

Se se promove o debate, as intervencións serán ordenadas pola Alcaldía-Presidencia conforme ás seguintes regras:

- a) Só poderá facerse uso da palabra previa autorización do/a presidente/a.
- b) No debate, os diversos grupos consumirán unha primeira quenda. No suposto de intervir varios/as concelleiros/as dun mesmo grupo político, repartiranse o tempo, de xeito que non poderá excederse do máximo sinalado.
- c) Si o solicita algún grupo, procederase a unha segunda quenda. Consumido este, a Alcaldía-Presidencia ou presidente/a poderá dar por rematada a discusión, que se pechará cunha intervención do proponente na que, brevemente, ratificará ou modificará a proposta.
- d) Quen se considere aludido por unha intervención poderá solicitar da Alcaldía-Presidencia que se conceda unha quenda de alusións.

A Alcaldía-Presidencia velará por que se cumpran os tempos, procurando que as intervencións de tódolos grupos teñan unha duración similar.

Artigo 25.

Na deliberación poderá intervir cada grupo Municipal mediante o voceiro e outros membros, por orde directo de representatividade na Corporación, consumindo turno en primeiro lugar o grupo mais representativo en relación á composición da Corporación, e seguindo a orde decrecente da súa representatividade na Corporación, intervindo en derradeiro lugar o grupo mixto e os concelleiros non adscritos, por esta orde.

A representatividade medirase en primeiro lugar atendendo ó número de concelleiros, e se este fose o mesmo, ó de votos obtidos pola lista electoral.

Artigo 26.

A intervención normal de cada grupo non excederá de 5 minutos. Sen embargo, naqueles temas que, pola súa importancia ou complexidade así o requiran, a petición de calquera voceiro, o Presidente notificará ó Pleno a duración superior das intervencións antes de comezar éstas.

A duración da segunda quenda terá unha duración máxima do cincuenta por cento da quenda anterior.

A duración da quenda de alusión non excederá de 1 minuto.

O tempo que corresponde ao grupo mixto poderá repartirse por igual entre os representantes das listas que o integran.

No suposto dos/as concelleiros/as non adscritos/as en grupo político, respectaráselles o 50% dos tempos antes sinalados.

A Alcaldía-Presidencia poderá acordar, durante o transcurso da sesión, que se interrompa esta para permitir as deliberacións dos grupos sobre a cuestión debatida ou para discurso dos debates. Estas interrupcións non terán duración superior a dez minutos.

A Alcaldía-Presidencia poderá dispoñer a interrupción do Pleno, a solicitude do/a secretario/a e/ou interventor/a para descanso do dito persoal, cando a sesión exceda de tres horas.

Artigo 27.

O alcalde poderá chamar á orde a calquera membro da Corporación que:

a) Profira palabras ou conceptos ofensivos ao decoro da Corporación ou dos seus membros, das institucións públicas ou de calquera outra persoa ou entidade.

b) Produza interrupcións ou de calquera outro xeito altere a orde das sesións.

c) Pretenda facer uso da palabra sen que a teña concedida ou unha vez que lle fose retirada.

Tras tres chamadas á orde na mesma sesión, coa advertencia na segunda das consecuencias dunha terceira chamada, a Presidencia poderá ordenarlle a un/ha concelleiro/a que abandone o local no que se estea a celebrar a xuntanza, adoptando as medidas que considere oportunas para facer efectiva a expulsión.

No caso de que o/a concelleiro/a se negase a abandonar o Pleno, a fin de evitar altercados, o presidente poderá ordenar que continúe a sesión, téndose por expulsado o/a concelleiro/a afectado/a, sen que se recollan na Acta as intervencións do/a concelleiro/a afectado/a desde o intre da súa expulsión.

A Alcaldía-Presidencia poderá optar tamén por impoñer sanción económica aos/ás concelleiros/as que non respecten o establecido neste artigo, de conformidade co artigo 141 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.

Artigo 28.

Nos supostos en que, de conformidade co establecido no artigo 76 da Lei 7/85, algún membro da Corporación deba absterse de participar na deliberación e votación, deberá abandonar o Salón mentres que se discuta e vote o asunto, salvo cando se trate de debater a súa actuación como Corporativo, no que terá dereito a permanecer e defenderse.

Artigo 29.

Emenda é a proposta de modificación dun dictame ou proposición presentada por calquera membro, mediante escrito presentado ao presidente antes de iniciarse a deliberación do asunto.

Neste suposto, unha vez debatido o asunto, procederase primeiro á votación da emenda ou correccións. Se o resultado dunha votación é positiva, non haberá máis debate nin votación sobre o mesmo obxecto concreto da votación.

Voto particular é a proposta de modificación dun dictame que presenta un membro da comisión informativa. Pódese formular oralmente no transcurso da sesión da comisión informativa ou mediante escrito que se presentase o día seguinte da sesión da comisión.

Artigo 30.

Proposición é a proposta que se somete ao Pleno relativa a un asunto incluído na orde do día que acompaña á convocatoria, de acordo co disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro. Conterá unha parte expositiva ou xustificación e un acordo, así mesmo, a adoptar. Non procederá entrar a debater nin votar unha proposición sen que previamente se teña ratificado, de acordo co disposto no referido artigo 82.3, a inclusión do asunto na orde do día.

Artigo 31.

Os rogos serán tratados na mesma sesión que se formulen, si se presentaron por escrito no Rexistro Xeral antes das 15 horas do día anterior ó a celebración da sesión ordinaria. Neste caso o número máximo de rogos a tratar por sesión ordinaria serán cinco por grupo, respectándose o mesmo número por concelleiro non adscrito.

Artigo 32.

As preguntas formuladas por escrito antes de 15 horas no Rexistro Xeral o día anterior á celebración da sesión ordinaria, serán contestadas na sesión, excepto en que, por causas debidamente motivadas, o Alcalde decida deixalas para a sesión seguinte. O número máximo de preguntas a contestar en cada sesión ordinaria será 5 por grupo, respectándose o mesmo número ós/ás concelleiros/as non adscritos/as.

Artigo 33.

De presentarse por escrito os rogos e preguntas, a contestación realizarase atendendo ao número de Rexistro de entrada das formuladas por cada grupo, empezando en primeiro lugar polo grupo mais representativo en relación á composición da Corporación, e seguindo a orde decrecente da súa representatividade na Corporación, quedando en derradeiro lugar o grupo mixto e os concelleiros non adscritos, por esta orde. A representantividade medirase atendendo ó número de concelleiros, e se este fose o mesmo, ó de votos obtidos pola lista electoral.

Artigo 34.

Os rogos e preguntas (incluso presentadas por escrito), serán formuladas por un Concelleiro ou Voceiro do Grupo Político correspondente e serán contestadas polo Alcalde-Presidente, ou ben por delegación polo Voceiro do Goberno ou Concelleiros delegados.

Cap. III.-Do control e fiscalización polo pleno da actuacións dos demais órganos de goberno.**Artigo 35.**

Os membros da Corporación ou Grupos Municipais a través dos seus Voceiros, poderán formular por escrito requirimento da presenza e comparecencia de membros Corporativos que ostenten delegación. O escrito presentarse por Rexistro Xeral cunha antelación de oito días hábiles anteriores á celebración da sesión plenaria ordinaria, a fin de poderse recoller na Orde do Día da convocatoria. O citado escrito deberá conter as preguntas das que se require información, e o nome do Concelleiro do que se solicita a comparecencia. Votada favorablemente a comparecencia, o Concelleiro afectado poderá dar contestación na mesma sesión e dentro do mesmo punto da Orde do Día, ás preguntas formuladas no escrito. En caso contrario, o Alcalde-Presidente engadirá o asunto na Orde do Día da primeira sesión ordinaria a celebrarse.

Cap. IV.-Da Xunta de Goberno Local.**Artigo 36.**

A Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde e ata sete Concelleiros, que serán nomeados e separados libremente polo Alcalde, dando conta ao Pleno. As súas sesións celebraranse no Salón de Reunións da Casa Consistorial, e o seu funcionamento adaptarse ao establecido nos artigos 112 e 113 do ROF.

Cap. V.-Da organización complementaria do Concello e o seu funcionamento.**Artigo 37.**

Os órganos políticos complementarios do Concello de Oleiros:

- Os Concelleiros Delegados.
- A Comisión Especial de Contas.
- As Comisións Informativas Permanentes.
- As Comisións Informativas Especiais.
- A Xunta de Voceiros.

Artigo 38.

Os Concelleiros con delegación xenérica denominaranse ponentes. As delegacións xenéricas a favor dos membros da Xunta de Goberno terán as atribucións que se especifiquen no Decreto de delegación e se non indica nada ó respecto, enténdese que engade as seguintes facultades:

1.-Dirixir, inspeccionar e impulsar o servizo ou servizos respectivos.

2.-Sancionar as faltas por desobediencia ou por infracción das Ordenanzas ou Bandos Municipais nas materias delegadas.

3.-Outorgar licencias ou autorizacións sobre as materias delegadas. En consecuencia corresponderíalles emitir as certificacións acreditativas do silencio producido reguladas no artigo 43.5 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

4.-Resolver mediante Resolucións, as cuestións que afecten a terceiros.

5.-Defender ante o Pleno da Corporación, as propostas tramitadas no servizo que dirixe.

6.-Asinar tódalas disposicións que sexan precisas para o cumprimento das facultades anteriores.

Pola contra, non engade, en principio, as seguintes facultades, salvo expresa delegación:

1.-Representar ó Concello.

2.-Autorizar recepcións, homenaxes e demais actos públicos ou protocolarios, sen a previa consulta á Alcaldía, que realizará as invitacións a ditos actos.

3.-Asinar Convenios ou compromisos económicos e doutro tipo con persoas privadas, Institucións ou Autoridades Estatais, Autonómicas ou Locais.

4.-Realizar xestións ou actos que dean lugar a disposición de gastos, a excepción dos propios do servizo que dirixe.

5.-Ordenar pagos.

6.-Contratar obras, servizos ou subministros.

7.-E, en xeral todas as que a teor dos dispostos no artigo 21.3 da Lei 7/85 a Alcaldía non pode delegar.

Artigo 39.

Corresponde á Comisión Especial de Contas, o examen, estudio, e informe de todas as contas presupostarias e extrapresupostarias, que debe aprobar o Pleno da Corporación de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das Entidades Locais.

Mediante acordo plenario que así o estableza, a Comisión Especial de Contas, poderá actuar como Comisión Informativa Permanente para os asuntos relativos a Economía, Facenda e outros que pidan encomendárselle.

A creación e composición da Comisión Especial de Contas, realizarase na primeira sesión extraordinaria que se celebre seguinte á sesión Constitutiva. Na mesma sesión estableceranse as normas de funcionamento, en caso contrario serán as mesmas que ás das Comisións Informativas.

Artigo 40.

As Comisións Informativas poden ser: Permanentes e Especiais.

As Comisións Informativas Permanentes integradas exclusivamente por membros da Corporación e na que participan tódolos Grupos Políticos que integran a Corporación e os/as concelleiros/as coa condición de non adscritos/as, son órganos sen atribucións resolutivas que teñen por función o estudio, informe ou consulta dos asuntos que se sometan á decisión do Pleno, salvo cando se trate de sesións extraordinarias urxentes ou de mocións.

As comisións informativas especiais serán creadas por acordo plenario para o estudio dalgún asunto concreto en consideración ás súas características especiais de calquera tipo. Estas comisións, salvo disposición expresa en contrario, extinguíranse automaticamente unha vez que se dictaminase ou informase o asunto que constitúe o seu obxecto. Os voceiros de cada grupo político municipal nomearán aos seus representantes na comisión.

Artigo 41.

As comisións informativas permanentes estarán integradas pola Alcaldía-Presidencia máis un representante por grupo político municipal agás o grupo mixto, no que participarán nas Comisións todos os seus membros. Integraranse tamén neste órgano os concelleiros/as que teñan a condición de non adscritos/as. O voto será ponderado de acordo ao número de concelleiros/as de cada grupo na Corporación, agás no grupo mixto, e no caso dos/as concelleiros/as non adscritos/as, onde os seus membros votarán individualmente, e o/a presidente/a unicamente o emitirá para os efectos de voto de calidade para o desempate nas votacións dos dictames.

Artigo 42.

No acordo ou resolución polo que se creen as Comisións Informativas, determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

a) O Alcalde é o Presidente nato de todas elas, pero en todo caso a Presidencia efectiva poderá delegala a calquera Concelleiro. Dita delegación realizarase mediante Decreto, dándose conta ó Pleno e publicidade no Taboleiro de Anuncios, e na Emisora Municipal. En todo caso o Presidente efectivo conservará o voto de calidade, para a resolución de empates.

b) A adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de tal grupo, realizarase mediante escrito do Voceiro do mesmo por Rexistro Xeral, dirixido ó alcalde e do que dará conta ó Pleno. De igual xeito, designarase un suplente por cada titular. Terase en conta a especialidade do grupo mixto e dos concelleiros/as non adscritos/as, posto que todos os seus membros poderán asistir ás Comisións.

Artigo 43.

As comisións informativas celebrarán sesións ordinarias nas datas que estableza a Alcaldía-Presidencia da Corporación ou ao/a presidente/a da comisión, quen poderán así mesmo convocar sesións extraordinarias ou urxentes destas. A Alcaldía-Presidencia da Corporación ou o/a presidente/a da comisión terá a obriga de convocar sesión extraordinaria cando o solicite a cuarta parte, alomenos, dos membros da comisión. Neste caso e polo que respecta á orde do día, aplicarase o disposto no artigo 81 do RD 2568/1986, do 28 de novembro.

Artigo 44.

As convocatorias corresponden á Alcaldía-Presidencia ou ao/á presidente/a da comisión e deberán ser notificadas aos membros da comisión ou no seu caso aos grupos políticos municipais cunha antelación de dous días hábiles, salvo as urxentes. En todo caso, achegarase mediante escrito a orde do día das comisións.

As reunións das Comisións Informativas celebraranse normalmente no Salón de Reunións da Casa Consistorial, ou ben na dependencia da mesma que se sinale na convocatoria.

Os dictames das comisións informativas teñen carácter preceptivo e non vinculante.

Cap. VI.-Da xunta de voceiros.**Artigo 45.**

Poderá constituírse a Xunta de Voceiros, si así o acorda o Concello Pleno, a iniciativa do Alcalde-Presidente ou dunha cuarta parte dos Concelleiros.

A Xunta de Voceiros é un órgano de consulta e negociación política sendo a súa misión a de asistir e asesorar ó Alcalde na súa condición de Presidente da sesión do Pleno, en aqueles asuntos que estime de interese corporativo.

Estará composta polo Alcalde que o presidirá, ou concelleiro en quen delegue, e polos voceiros ou suplentes dos Grupos Municipais constituídos.

Artigo 46.

A Xunta de Voceiros reunirse cando así o convoque a Alcaldía-Presidencia, mediante decreto, que poderá ser notificado por medios telemáticos, telefónicamente ou por fax.

TÍTULO IV. ÓRGANOS ADMINISTRATIVOS. A MESA DE CONTRATACIÓN**Artigo 47.**

De conformidade co artigo 295 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e a Disposición adicional segunda no punto décimo do mesmo texto, a mesa de contratación estará constituída polo presidente da Corporación, que a presidirá, ou o membro desta ou funcionario en quen delegue, e formarán parte da mesma como vocais o Secretario e o Interventor, e aqueles outros que sexan designados polo órgano de contratación, entre funcionarios, persoal laboral ou membros electos da Corporación, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. En todo caso, formará parte da mesa un técnico, que será designado en cada convocatoria en función da materia obxecto do contrato. Actuará como secretario da mesa un funcionario da Corporación.

TÍTULO V. DAS ACTAS**Artigo 48.**

As Actas das sesións e reunións celebrados polos órganos políticos, redactaranse en lingua galega, co contido establecido no artigo 50 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e o artigo 109 do Real decreto 2568/86, regulamento de organización e funcionamento das entidades locais.

Artigo 49.

As sesións do Pleno poderán ser gravadas total ou parcialmente en soportes de reprodución polo responsable da Emisora Municipal. De non dispoñer o contrario, entenderase que o Alcalde-Presidente autoriza a gravación.

Artigo 50.

Os libros de actas e de resolucións confeccionaranse coas esixencias de seguridade e integridade que establece o ROF nos seus artigos 198, 199, 200 e 201.

Os libros de Actas estarán compostos de follas móbiles empregándose o papel selado e numerado pola Xunta de Galicia. Unha vez aprobadas as Actas das sesións transcribíranse no Libro correspondente ás sesións plenarias. Deben de estar asinados polo Alcalde ou Presidente da Sesión e polo Secretario. Estas normas aplicaranse para o libro de Actas de Plenos e de Actas da Xunta de Goberno.

As Actas das Comisións Informativas, non requirirán transcripción en papel selado e numerado da Xunta de Galicia; nembargantes, farase Libro ó efecto, con dilixencia de apertura, peche e número de follas, asinadas polo Secretario Xeral e polo Presidente da Comisión.

O Libro de Resolucións estará composto de follas móbiles que se transcribíran en papel selado e numerado da Xunta.

TÍTULO VI. DO DEREITO DE INFORMACIÓN XERAL DOS/AS CONCELEIROS/AS**Artigo 51.**

Todos os concelleiros teñen dereito a obter os datos, informes e documentos dos que dispoñan os órganos e servizos da Corporación e que sexan imprescindibles para o cumprimento das súas funcións, e especificamente para a función de control e fiscalización dos órganos de goberno ou da administración municipal. Os membros da Corporación serán responsables do uso que realicen da información á que accedan por razón do seu cargo. O acceso dos concelleiros ás informacións solicitarase por escrito dixidido á Alcaldía en el especificaranse os documentos ou expedientes obxecto deste pedimento.

Artigo 52.

Para a consulta e o exame concreto dos expedientes e documentos a que se refire o artigo anterior, a Alcaldía fixará un prazo de dous días hábiles, prazo no que estarán a disposición do/a concelleiro/a solicitante na unidade administrativa correspondente ou na sala de xuntas que a Alcaldía designe.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

O presente regulamento derroga o aprobado definitivamente polo Pleno o día 29 de novembro de 2007.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor unha vez cumpridos os requisitos previstos no artigo 70 en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, e se publique o seu texto de conformidade co artigo 70.2 do mesmo texto, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou expresa derogación.”

OLEIROS, 7 DE NOVIEMBRO DE 2011

O ALCALDE

ANGEL GARCIA SEOANE